

ENTORNO FAMILIAR E DESENVOLVIMENTO PRECOCE

Ramón Varela e Agustín Posil. Depto. de Psicoloxía Evolutiva e Diferencial.
Universidade de Santiago.

Imos expor as características e principais conclusións dunha investigación que viñemos realizando, nos últimos meses, sobre algúns aspectos do desenvolvemento dos nenos de ambos os sexos do municipio de Santiago de Compostela e cuxa recolleita de datos se levou a cabo mediante entrevistas coas nais de familia. O municipio ten unha extensión de 233,06 Km² e unha poboación aproximada de 78.000 habitantes, dos cais o 70 por cento vive no núcleo principal.

As idades dos nenos estudados oscilaban, cuase que na súa totalidade, entre os seis meses e os sete anos, e constituían unha amostra representativa de todos os estratos da poboación do municipio de Santiago de Compostela.

Encuadrámoso o traballo nun prisma de referencia de catro caras que chamamos variábeis “marco” e que son: “status” sócio-económico (integrado polas clases sociais baixas-baixas, baixas-altas, medias-baixas e medias-altas, altas-baixas), lugar de residencia (meio rural, bairro e cidade), nivel académico do pai (primario, medio e superior) e nivel académico da nai (analfabeto, primario, medio e superior).

As clases “baixas-baixas” compoñen-se de peóns da industria, traballadores en paro, xornaleiros do campo e algúns pequenos labregos que se desenvolven a nivel de subsistencia. Nas clases “baixas-altas”, incluímos os profesionais de oficio, administrativos, algúns traballadores do campo e algúns pequenos comerciantes e industriais. Nas clases “medias-baixas” inclúen-se os profesionais medios, certos autónomos e os profesionais da categoría anterior, se traballan ambos os dous cónxuxes estabelmente en empresa de solvencia. Finalmente consideráronse da clase “media-alta-alta-baixa” os altos directivos, técnicos, empresarios que empregan un número considerábel de obreiros, etc.

A distribución da amostra presenta-se no cuadro 1, no que podemos observar que as nais de familia entrevistadas foron 244, que representan o 3,28% do total de mulleres casadas de menos de 40 anos, que abranxen o 0,96% do total das mulleres en idade de fecundidade e o 1,53% do total de parellas casadas (15.985). Os nenos estudados foron 339 que, en termos relativos, equivalen ao 3,96% do total dos nenos

de idades comprendidas entre os 6 e os 84 meses.

Para a recolleita de datos, confeccionamos un cuestionário que se foi aperfeizoando progresivamente para que respondese mellor aos obxectivos que nos propuxemos: coñecer como se desenrolan os nenos do Concello de Santiago tendo en conta o seu entorno sócio-económico, familiar, residencial, intelectual, etc.

Variábeis Marco		Amostras totais e o/o		Pais		Fillos			
		Total	o/o	Total	o/o	Varóns	o/o	Mulleres	o/o
Status sócio-económico	Baixo-baixo	25	10,25	34	10,03	21	61,76	13	38,24
	Baixo-alto	139	56,97	196	57,82	100	51,02	96	48,98
	Médio-baixo	49	20,08	63	18,58	39	61,90	24	38,10
	Médio-alto	31	12,70	46	13,57	18	39,13	28	60,87
Lugar de residencia	Meio rural	65	26,86	85	25,30	40	47,06	45	52,94
	Bairro	113	46,69	155	46,13	83	53,55	72	46,45
	Cidade	64	26,45	96	28,57	55	57,29	41	42,71
Nivel académico do pai	Primários	192	79,34	263	78,27	137	52,09	126	47,91
	Médios	36	14,88	52	15,48	28	53,85	24	46,15
	Superiores	14	5,79	21	6,25	10	47,62	11	52,38
Nivel académico da nai	Analfabetas	3	1,23	4	1,18	2	50,00	2	50,00
	Primários	198	81,15	273	80,53	144	52,75	129	47,25
	Médios	40	16,39	59	17,40	30	50,85	29	49,15
	Superiores	3	1,23	3	0,88	2	66,67	1	33,33
Estadísticos xerais		244	100,00	339	100,00	178	52,51	161	47,49

Cuadro I.- Distribución da amostra de pais e fillos, e esta segundo o sexo, segundo o "status" sócio-económico, o lugar de residencia e o nivel académico dos pais.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos dos cuestionários.

A toma de datos levou-se a cabo no “Centro de Diagnóstico e Tratamento Concepción Arenal” de Santiago de Compostela, onde dispúñamos de básculas de precisión con tallaxe incorporada para pesar e medir os meniños, e no domicilio das nais o cal nos obrigou a empregar instrumentos portáteis de medición.

No tratamento estadístico dos datos, utilizamos matrices de correlación e para a inferencia estadística, as probas de rango de Duncan para “n” desiguais e a proba “t” de Student. Eis algúns dos resultados obtidos:

A) Ambiente familiar

1.01.— *Idade do pai ao nacer o seu primoxénito*

O home ten, por termo médio, o seu primeiro fillo à idade de 27 anos. Os pais de nivel “baixo—alto”, na súa maioría profesionais de oficio e administrativos, teñen o primeiro fillo aos 26,78 anos, que é inferior à idade en que o home se converte en pai por primeira vez, na clase “média—alta”: 28,99 anos. A media de idade das clases medias é 27,91 anos, que é significativamente superior à media de idade dos membros das clases baixas (26,81 anos). Os primeiros inverten máis tempo na preparación intelectual que retarda a súa incorporación ao mundo do traballo remunerado e o acceso à paternidade.

Os homes do campo converten—se en pais máis cedo (25,87 anos) que os da cidade (28,61), xa que a súa profesión exige un período menos prolongado de aprendizaxe, e tal vez teñan menos problemas de vivenda e emprego.

Os pais de nivel académico superior teñen o seu primeiro fillo a unha idade máis avanzada que os dos niveis medios e primarios.

Existe unha correlación importante (0,56) entre a idade de ambos os pais, que é máis alta nas camadas baixas da poboación nas que a diferenza de idade entre os mesmos é menor e máis homoxénea. Os pais de niveis académicos superiores, acceden máis tardiamente à paternidade; porén as súas donas non teñen máis idade que as restantes mulleres de outros niveis educacionais.

Cando a nai traballa, sexa como autónoma ou como asalariada, retarda máis a procriación. Nos niveis medio—baixos, bairro e cidade, os pais que procrian máis tarde son os que teñen un maior número de irmáns, o cal parece indicar que existen, nos ditos meios, problemas adicionais de vivenda e emprego que retardan a decisión de cambiar de estado civil.

1.02.— *Idade da nai primípara.*

A muller ten, no municipio de Santiago, o seu primeiro fillo à idade media de 24,38 anos. Nos barrios, a muller converte—se en primípara a unha idade máis avanzada que no campo; quizá sexan os problemas de vivenda e colocación os que

retrasen a maternidade, do mesmo xeito que acontecía no caso do home. A preparación académica, tanto do pai como da nai, non ten incidencia na idade da maternidade, contrariamente ao que sucedía no caso do home, no que influen máis os condicionamentos sociais, canto que é o responsábel, en boa medida, da mantenza da familia na nosa sociedade.

Canta máis idade teña a nai primípara, menor é a súa diferenza de idade con respecto ao seu home e o desexo de ambos os dous de teren fillos, o cal pode deber-se ás menores posibilidades xenéticas ou a un maior controlo da procreación.

Se a nai traballa fora do lar, soí retrasar a maternidade debido aos problemas que esta acarreta para a muller traballadora que pode ver-se sumetida a presións e discriminacións, sobre todo se as xestacións se suceden con frecuencia.

1.03.— *Diferenza de idade entre os pais.*

A diferenza média de idade entre os pais é de 3,57 anos. É maior entre as clases médias que entre as baixas; entre as parellas da cidade en comparanza coas dos bairros, entre as de niveis académicos médios e superiores verbo dos primários. Canta máis idade teña o pai maior é a diferenza de idade dele con respecto á nai e, inversamente, canto menos idade teña a nai, maior é a súa diferenza de idade con respecto ao pai.

Os varóns que traballan como autónomos teñen máis diferenza de idade que os dos outros grupos con respecto ás súas mulleres, o cal se debe a que os “autónomos” elixen a estas entre mulleres máis novas e non a que eles sexan máis vellos ao acceder á paternidade.

1.04.— *Número de irmáns do pai.*

A média do número de irmáns do pai é de 4,55. Dito número é máis alto no meio rural en comparanza cos que viven nos núcleos urbanos ou aglomeracións próximas. Nas zonas rurais non hai, en termos xerais, problemas de estreiteza de vivendas no mesmo grao que no meio urbano ou nas barriadas. Os matrimonios, por outra parte, son máis conservadores por estaren, en maior medida, baixo a influencia dos cregos que soen louvar ás familias que teñen proles numerosas.

Os casamentos celebran-se con máis frecuencia entre pares con un número de irmáns semellante. Os pais de estudos médios teñen menos irmáns. Os de estudos primários controlan menos a natalidade e os de estudos superiores (médicos, abogados, etc...) desenvolven-se mellor economicamente e aceitan os fillos con menos angústia. Os de estudos médios coñecen mellor que os de estudos primários as técnicas do controlo da natalidade e teñen menos largueza económica que os superiores, o cal dá como resultado un controlo máis estrito sobre o número de fillos. E de supor que, na dita clase, tamén exista o desexo de imitar socialmente os modos consumptivos da clase superior e, consecuentemente, de racionalizar noutros gastos.

Nos niveis baixos e rurais, accede-se antes à paternidade se o número de irmáns é máis alto, o cal mostra o feito de que a maior número de irmáns hai máis probabilidades de que se desexe, por parte das parellas, cambiar de estado civil e que os pais o aguilloen. Polo contrario, nos niveis medio-baixos e bairro-cidade, os pais que teñen máis irmáns casan-se a unha idade máis tardía, o cal parece reflectir a existencia de problemas adicionais de vivenda e profesionais que precisan resolver-se antes de decidiren-se a cambiar de estado civil.

Nos niveis baixos, rurais e primarios por parte do pai, o número de fillos desexado está en relación co número de irmáns que ten o pai, o cal parece reflectir unha especie de modelaxe dos ascendentes sobre a eleición do número de fillos por parte das familias actuais.

Por último, pode afirmar-se que a maior número de irmáns menor "status" sócio-económico, e a menor "status" sócio-económico maior emprego da lingua galega como vehículo de comunicación.

1.05.— *Número de irmáns da nai.*

A media é de 4,21 que non se distingue sinificativamente da correspondente ao número de irmáns do pai. É maior nos niveis sócio-economicamente baixos que nos medios. No meio rural e nos bairros teñen máis irmáns que na cidade. As nais de nivel académico medio teñen menos irmáns que as de nivel primario e superior, igual que sucedía no caso dos pais.

Nos niveis sócio-economicamente medios, cidade e niveis académicos superiores, os pais que traballan como autónomos tenden a desposar-se, en maior medida, con mulleres que teñen maior número de irmáns. Finalmente, o maior número de irmáns por parte da nai, vai asociado a un maior emprego da lingua galega.

1.06.— *Número de fillos.*

A media do número de fillos é de 2,44. Os pais de niveis sócio-económicos baixo-baixos, con 3,28 fillos de media por par, son os que teñen unha prole máis numerosa, ao igual que os de estudos primarios. Este maior número de fillos parece ser o exponente dun menor coñecemento e emprego dos métodos anticonceptivos por parte dos pais, e, tamén quizá, dunha mentalidade máis conservadora.

Existe unha correlación negativa xeneralizada, se ben que non significativa, entre o número de fillos e a idade da nai primípara, o cal reflecte a menor taxa de fecundidade por parte da nai a medida que avanza en idade. Os pais que teñen máis fillos son os que desexan un maior número, o cal se pode deber a unha racionalización da situación ou à planificación familiar.

Os pais "autónomos" tenden a ter máis fillos e, se a nai traballa, menos. Isto reflexa os inconvenientes da maternidade para a muller traballadora. O número de fillos é maior nas familias que utilizan o galego con máis frecuencia, que soen ser as

clases baixas da poboación. As clases médio-altas, residentes na cidade e niveis académicos superiores por parte dos pais, teñen menos fillos e falan máis en castelán.

O 20º/º da poboación do municipio de Santiago ten só un fillo, o 45º/º dous, o 19º/º tres, o 7º/º catro, o 5º/º cinco, o 1º/º seis, o 1º/º sete e o 3º/º restante un número maior.

1.07.— *Número de fillos desexados polo pai.*

A média do número de fillos desexado polo pai é de 2,53, que non difere significativamente do número de fillos desexados pola nai, 2,59. Isto expresa a comunidade de pensamento familiar, se ben que tampouco haxa que esquecer que, ao ser a nai a persoa encargada de responder ao noso inquérito, pode falsear, en certo modo, os datos referentes ao seu home.

No meio rural e cidade, desexan máis fillos e, efectivamente, teñen un maior número, se ben que as diferenzas non sexan significativas. En xeral, coincide o número de fillos desexados e o número de fillos tidos, o cal pode explicar-se por dúas razóns non excluintes: a) que os proxenitores estabelcen unha planificación familiar e, en termos xerais, a seguen, ou b) que, tendo en conta o número de fillos que se teñen, tenderá-se a considerar dita cifra como ideal.

Nos niveis sócio-económicos baixos, meio rural e primários, existe unha correlación entre o número de irmáns dos pais e o número de fillos desexados, o cal indica unha especie de modelaxe dos ascendentes sobre o proxecto familiar paterno.

Se a nai primípara ten máis idade, o número de fillos desexados polo pai é menor. Finalmente, os traballadores autónomos desexan ter proles máis numerosas.

1.08.— *Número de fillos desexados pola nai.*

O desexo de fillos por parte da nai corresponde-se, nun grau moi alto, co do pai. As nais do campo, desexan e teñen un maior número de fillos que as dos bairros e cidades (2,86 fronte a 2,51). As de nivel académico primário desexan tamén máis fillos que as de nivel médio (2,62 e 2,42 respectivamente).

Tamén no caso da nai, as que desexan máis fillos xa teñen realmente máis. Se a nai primípara traballa, reduce o seu desexo de procriar.

Nos niveis sócio-económicos baixos, primários por parte do pai e médios por parte da nai, cantos máis fillos desexa a nai tanto máis a familia utiliza o galego como vehículo de comunicación.

1.09.— *Preferencias canto ao sexo por parte dos pais.*

As preferencias canto ao sexo por parte dos pais, representan-se no cuadro 2, no que podemos ver unha correspondencia entre ambos os pais, mais referida ao sexo aposto. Os pais preferen en igual porcentaxe tanto o seu próprio sexo como o

sexo oposto. Os pais de niveis baixos, preferen máis os varóns que os dos niveis médios (40,29 fronte a 22,90) e menos o sexo oposto (15,13 e 18,98 por cento respectivamente) ou a parella (13,56 e 27,59 por cento).

Sexo	Pai				Nai			
	Total	o/o	Total acum.	o/o	Total	o/o	Total acumul.	o/o
Fémea	33	13,52	33	13,52	80	32,79	80	32,79
Varón	69	28,28	102	41,80	33	13,52	113	46,31
Parella	31	12,70	133	54,51	36	14,75	149	61,07
Sen Preferencias	65	26,64	198	81,15	69	28,28	218	89,34
Non sabe/ non responde	46	18,85	244	100,00	26	10,66	244	100,00
TOTAL	244	100,00	—	—	244	100,00	—	—

Cuadro 2.— Distribución xeral da preferéncia polo sexo por parte dos pais.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da amostra.

1.10.—*Rexime de traballo asalariado—autónomo por parte dos pais.*

O 16^o/o dos varóns activos traballa pola súa conta e o 84^o/o como asalariados por conta allea. Na clase baixa—baixa, a percentaxe de autónomos é do 36^o/o, na baixa—alta do 9^o/o, na média—baixa do 28^o/o e na média—alta do 13^o/o.

No campo e na cidade hai maior cantidade de autónomos en comparanza cos barrios. E nestes meios onde abunda a masa traballadora, mentres que as profesións liberáis se aglutinan máis ben nos núcleos urbanos. Nos meios rurais, todos os labregos ostentan a condición de autónomos. En xeral, trata-se de propietarios con explotacións reducidas e divididas nun grande número de leiras.

Os autónomos tenden a desexar e a ter máis fillos que os asalariados, quizá motivado pola súa maior confianza ante o futuro e mentalidade máis conservadora. Os pais que son traballadores autónomos costumaban ter maior diferenza de idade debido a que os varóns elixen mulleres máis novas e procrian un pouco máis vellos. Nos meios baixos, campo e primários, a nai traballa máis frecuentemente fora do lar se o pai é autónomo. Cuase todas as mulleres do campo colaboran nas tarefas agrícolas.

Os autónomos soen expresar-se mais en galego, polo menos nos niveis médios, baixos e primários. O traballo asalariado favorece, nos ditos meios, a uniformidade lingüística.

Das nais activas, o 330/o fai-no pola súa conta e o 67 por cento como asalariadas por conta allea. Nos niveis baixos e primários hai unha maior percentaxe de autónomos como resultado da inclusión nos mesmos de moitos labregos.

1.11.— *Actividade laboral da nai.*

No Municipio de Santiago traballan fora do lar o 31 por cento das nais e o 690/o dedican-se a labores domésticas exclusivamente. Nos meios sócio-económicos baixos-baixos, a percentaxe de nais activas é do 500/o, como influxo, sobretudo, do traballo agrícola no que practicamente todas as mulleres prestan a súa colaboración. Se a familia non posuí terras, a percentaxe de activas nos ditos meios non supera o 70/o.

Agora no campo, a medida que avanzamos na escala sócio-económica, medra tamén a percentaxe de mulleres activas que, do 10,95 por cento nos niveis baixo-altos, pasa ao 59,570/o nos médio-baixos e ao 61,290/o nos médio-altos. Nos bairros hai menos "autónomos" que no meio rural e cidade (180/o fronte ao 420/o). Nos bairros viven a maior parte dos obreiros, os cais teñen problemas para empregar as súas donas debido a que estas non teñen unha cualificación profesional que lles permita exercer un traballo dun certo nivel acorde coas súas aspiracións, e non lles permiten, por outra banda —a non ser en casos raros— que traballen en labores domésticos fora do seu lar.

A actividade laboral da nai está en relación directa co nivel académico dos pais. A maior formación, maior percentaxe de actividade feminina.

Se a nai traballa, tende a procriar menos, fai-no máis tarde e desexa un menor número de fillos. A procreación é un impedimento para a actividade laboral. Se o pai é "autónomo", a muller traballa con maior frecuencia fora do lar.

1.12.— *Língua falada polos pais.*

Un 530/o dos pais utiliza exclusivamente o galego como vehículo de comunicación habitual, un 300/o son diglósicos e un 170/o expresa-se normalmente en castelán. O emprego do galego varia en relación inversa co nivel sócio-económico (cuadro 3). Frente a un 920/o dos pais que se expresa en galego nos niveis baixos, só o fai na dita língua o 100/o nos niveis médio-altos. A gradación descendente no emprego do galego corresponde-se con outra ascendente na utilización do castelán, que pasa do 110/o nos baixo-altos ao 470/o nos médio-altos. Igualmente, prodúz-se un aumento na diglósia, que é do 80/o nos niveis baixos e do 430/o nos médios.

Segundo o lugar de residencia, nos meios rurais é onde os pais falan mais o galego (87,500/o), mentres que dita percentaxe se reduce ao 21,310/o na cidade e

atinxe algo mais da metade da poboación nos bairros (54^o/o). Entre os galego-falantes e os diglósicos, nos meios rurais chega-se ao 97^o/o, nos bairros, e na cidade ao 62^o/o.

O emprego do galego está en relación inversa co nivel académico dos pais, que pasa do 65^o/o nos primarios ao 14^o/o nos médios e 7^o/o nos superiores.

Por conseguinte, o emprego da lingua galega vai ligado à menor preparación intelectual e à maior pobreza. Unha vez que se sobe na escala sócio-económica, utiliza-se mais a lingua mais prestixiada e que máis favorece a conservación e a promoción do “status”.

Os pais que teñen mais irmáns tenden a expresar-se mais en galego e, paralelamente, o seu nivel sócio-económico tende a ser mais baixo. As clases baixas soen ter tamén un maior número de fillos e expresan-se con mais frecuencia en galego. Algo semellante se pode dicir das nais “autónomas”.

A lingua que falan os pais só se correlaciona en 0,47 coa lingua que falan os fillos, o cal indica o grao de desleigamento que se está a dar na familia xa que a dita correlación debería ser de 1.

Por último, a correlación tamén é moderada (0,37) con respecto à lingua en que os pais lles falan aos seus fillos. Son os mesmos pais os que buscando a promoción social dos fillos, aguilloan a aprendizaxe e uso dunha lingua que os afasta deles mesmos mais que os acerca ao progreso económico-social.

Nivel Sócio-económico \ Língua	Galego Pais	Galego P/Fillos	Diglósia Pais	Diglósia P/Fillos	Galego Fillos	Diglósia Fillos
Baixa-baixa	92,30	64,00	7,69	16,00	66,67	12,50
Baixa-alta	61,59	19,08	27,54	19,85	18,64	16,10
Média-baixa	34,78	4,55	43,48	15,91	7,50	10,00
Média-alta	10,00	-	43,33	28,57	3,85	11,54

Cuadro 3.- Língua falada polos pais, polos pais aos fillos e polos fillos segundo o “status” sócio-económico.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da amostra.

1.13.- Língua falada polos pais aos fillos.

Só un 19^o/o dos pais fala exclusivamente galego cos seus fillos. Dos restantes, falan-lles galego/castelán nun 20^o/o e castelán exclusivamente nun 61^o/o. Polo tanto, os pais que o poden facer, falan-lles na lingua utilizada polos estratos máis ricos e mellor preparados academicamente. Deste xeito, pretende-se evitar que o neno se

ache desde os seus primeiros días nunha situación desvantaxosa que reduza as súas posibilidades de promoción sócio-profesional.

A diminución na taxa de utilización do galego na comunicación dos pais cos fillos, con respecto à lingua que falan os fillos pode-se ver no cuadro 3, no que figuran tamén as percentaxes de diglósia en ambos os casos.

No cuadro anterior pode-se ver que moitos pais que entre eles falan exclusivamente o galego serán diglósicos cos seus fillos, e que moitos pais diglósicos serán castelán-falantes cos seus fillos.

Por conseguinte, os pais tenden a empregar cos seus fillos preferentemente o castelán. Mesmo cando eles non o falan, esforzan-se por ensinar ao neno nun idioma que é un "totum revolutum" de galego e castelán, con palabras misturadas de ambos os dous. O resultado é que os seus fillos non falan nen un nen outro, senón unha mistura de palabras das que descoñecen a súa verdadeira procedencia.

Un 88% dos pais afirman falar galego exclusivamente entre eles no medio rural máis só un 61% lles fala galego aos fillos. Nos bairros, as percentaxes son moito máis altas e asin, mentres fala galego un 54%, só se dirixe ao neno en galego o 4%. Unha diferenza nada menos que 13 veces menor. Na cidade, as percentaxes son do 21 e 1 por cento respectivamente.

Segundo o nivel académico do pai, encanto nos niveis primarios fala galego o 65%, só se dirixe en galego aos nenos o 23%. Nos niveis medios, as percentaxes son do 14% e 1% e nos superiores do 7 e 0 por cento.

Os que desexan máis fillos soen expresar-se con máis frecuencia en galego. Os "autónomos" falan-lles máis a lingua vernácula aos seus fillos. O traballo por conta allea favorece a castelanización. Se a nai traballa fora da casa, soi ensinar con máis frecuencia o galego aos seus fillos, o cal obedece a que na agricultura cuase todas as nais traballan fora do lar e son as menos aptas para ensinar o castelán aos nenos.

A correlación entre a lingua que os pais utilizan cos seus fillos e a lingua falada por estes é de 0,56, o cal indica que, alén dos pais, hai outras fontes de influencia na lingua falada polos fillos.

1.14.- *Lingua falada polos fillos.*

Só un 20% dos fillos se expresan na lingua vernácula e deixan de facé-lo, con respecto aos seus pais, o 33%. O resultado deste desleigamento con respecto a algo que é tan esencial na cultura como é a lingua, traducirá-se axiña no esnaquizamento do galego se non actúan mecanismos contrarios que se negan a admitir que o galego, lingua secular, deba ter como destino unha rápida extinción. A respecto disto convén subliñar a tomada de conciencia da realidade lingüística na nación galega nos últimos anos que, se se acompaña de medidas políticas de normalización da lingua, traducirá-se sen tardanza nun auxe e esplendor do noso idioma, peza clave da nosa cultura.

Nas clases baixas—baixas, fala galego o 67^o/o, nas médias—altas o 19^o/o, nas médio—baixas o 8^o/o e nas médio—altas o 4^o/o.

Segundo o lugar de residencia, as percentaxes son do 65^o/o no campo, do 6^o/o nos bairros e do 2^o/o no meio urbano.

A percentaxe de fillos diglósicos é inferior à de pais o cal indica que os proxenitores que usan ambas as línguas, no intercambio cos seus fillos tenderán a preferir o castelán.

Existe unha correlación negativa (-0,17) e significativa, se ben que reducida, entre o número de fillos desexados pola nai e a expresión en lingua castelá. Cantos mais fillos desexa a nai, mais falan estes o galego. Se a nai é “autónoma”, os seus fillos expresarán—se mais en galego. As nais do campo e de nivel primário son, normalmente, na súa grande maioría “autónomas” e son, demais, as que empregan en maior proporción o galego. A medida que aumenta o nivel sócio—económico e académico, a correlación desaparece ou fai—se positiva.

B) Desenvolvemento precoce.

2.01.— *Peso ao nacer.*

O peso médio dos nenos de ambos os sexos, no momento de nacer, é de 3.460 gramos. Non se acharon diferenzas significativas entre os diversos meios, salvo o maior peso dos fillos dos labregos en comparanza cos outros membros da clase baixa—baixa, o cal pode ser debido a unha alimentación máis abundante da nai durante o embarazo. Non só os fillos dos labregos pesan máis, senón que, en xeral, os que viven no campo alcanzan un maior peso en comparanza cos que viven nos bairros e cidades. Mais tarde, a dita relación inverte—se. Ao peso vai asociada unha maior estatura. Os nenos dos niveis médios pesan máis que os dos niveis baixos.

Dá—se unha correlación positiva de 0,44 entre o peso e a talla ao nacer, o cal non sorprende se se ten en conta que a talla é unha das variábeis que inflúen no peso. Os nados nos primeiros partos costumaban pesar un pouco menos, de maneira que se nota un aumento de peso nos nenos do primeiro ao cuarto parto. A partir deste último prodúz—se unha diminución no mesmo.

A maior idade dos pais no momento do nacemento do fillo primoxénito, mais tende a pesar o neno. Se isto se xesta durante mais tempo, polo menos até os dez meses, mais pesará ao nacer.

Os que mais pesan controlan antes os esfínteres vesicais. Se a nai traballa fora da casa, os seus fillos atinxirán un maior peso, o cal pode ser debido ao maior exercicio físico por parte daquela ou às maiores posibilidades nutricionais.

Existe unha sorprendente correlación positiva e significativa de 0,32 entre o peso ao nacer e a duración da alimentación de peito. Podería—se explicar isto por unha

mellor disposición cara ao neno no momento da concepción que se traducirá nunha mellor alimentación materna e, consecuentemente, nun maior peso por parte do pequeno? .

As fêmeas pesan ao nacer lixeiramente menos que os varóns (3.450 fronte a 3.480). Os prematuros e xémeos pesan menos que os nados a termo, encanto os “postmaturos” pesan mais. Os varóns representan o 61,11^o/o do total dos prematuros e o 75^o/o dos nados despois do tempo. Os varóns prematuros representan o 3,24^o/o do total da poboación e os postmaturos o 3,54^o/o. As fêmeas prematuras representan o 2,06^o/o da poboación total e os nados despois do termo o 1,18^o/o. Conceben—se moitos mais varóns que fêmeas pero morren moitos máis homes tanto no útero materno como despois de nacer. Neste momento representan o 52^o/o do total dos nenos, pero pouco a pouco dita percentaxe vai reducindo—se até que, a partir dos 18 anos, as mulleres se converten claramente no sexo predominante. Non só os homes morren mais, senón que tamén teñen moitas máis incidencias no momento do parto.

O tanto por cento de xémeos de ambos os sexos é do 1,18^o/o do total da poboación e distribuen—se paritariamente nos dous. Pero nesta eventualidade, porén, os datos non son totalmente concluintes xa que o número de observacións foi reducido.

2.02.— *Talla do neno ao nacer.*

Dispomos de poucas observación referentes à talla dos nenos ao nacer xa que, contrariamente ao que sucede co peso, non se costuma tallar os meniños despois do parto, afora os que nacen nalgúñas clínicas particulares. A ditas clínicas asisten preferentemente os membros das clases mais acomodadas e, por conseguinte, os datos de que dispomos non están distribuídos proporcionalmente de acordo cos diversos estratos da poboación. Aínda así, pode—se dicir que os datos son coincidentes cos referentes ao peso.

Os meniños de ambos os sexos meden, por termo médio 51,30 centímetros. Meden mais os de “status” sócio—económico médio que os de “status” baixo, atinxindo—se unha diferenza estadisticamente significativa entre os niveis médio—baixos e baixo—altos.

Os nenos son, por termo médio 1,22 ctms. mais altos que as nenas (51,89 fronte a 50,67 ctms.). Os nados nos primeiros partos tenden a medir menos, ao igual que acontecía co peso ao nacer. Se os pais teñen mais idade no momento de procriar por primeira vez, os seus fillos soen medir mais. A talla ao nacer está correlacionada coa talla posterior. Polo tanto, os que meden mais ao nacer tenderán a continuar medindo máis no futuro; tamén comezarán a andar a unha idade máis tardía.

Os prematuros e xémeos meden menos no momento do nacemento, mentres que os postmaturos meden mais.

2.03.— *Duración da xestazón.*

Non hai diferenzas significativas canto à duración da xestazón nos diversos meios. Os nados antes do termo representan o 5,600/o, dos cais o 630/o son varóns e o 370/o mulleres, e os nados despois de termo o 4,720/o, dos que son varóns o 750/o e mulleres o 250/o.

A prematuridade é menos frecuente no campo, seguida dos bairros e da cidade. Con respecto à postmaturidade sucede à inversa.

A duración da xestazón correlaciona—se positivamente co peso e talla ao nacer, o cal reflecte simplemente o feito de que os nenos continúan desenrolando—se mentres permanecen no ventre materno.

A correlación coa talla posterior é negativa, o cal indica que os nenos que adianten o seu nacemento mais tarde dan alcance aos demais.

2.04.— *Lugar do nacemento.*

Como se pode ver no cuadro 4, as maiores posibilidades económicas están en relación inversa coa percentaxe de partos na casa e, en menor grao, na Seguridade Social, e en proporción directa co número de partos nas institucións privadas. No campo, ao contrario do que pasa na cidade, é onde as mulleres dan a luz con máis frecuencia na casa e, en menor percentaxe, nas institucións privadas. As disponibilidades económicas e as dificultades de comunicación condicionan as súas posibeis alternativas. Á medida que medra o nivel de vida da poboación, acode—se máis a institucións privadas, quedando as institucións da S.S. mais ben para familias con baixo nivel de renda. As parturientas procuran unhas atencións individualizadas que non se dan ou se dan menos na S.S. e, demais, o non ser identificadas coas capas baixas da poboación.

2.05.— *Primeira mantenza láctea.*

O leite de vaca oferecese—lle ao neno mais frecuentemente nos meios baixos, campo e primários. Os preparados de farmácia utilizan—se en maior proporción nas clases baixas—altas, médias—baixas e bairros.

A medida que se sobe no nivel sócio—económico e académico tende—se a dar—lle algúns meses de alimentación materna para deseguida, cambiar—lla a leites maternizados. A alimentación exclusivamente materna é mais frecuente nas clases baixas—baixas e no meio rural.

2.06.— *Duración do amamentamento.*

As nais que dan de mamar aos seus fillos, fan—no, por termo médio, durante tres meses e meio.

Nos niveis baixos e rurais oferece—se—lles este tipo de alimentación con máis frecuencia que no médio—baixo e núcleos urbanos. Os meniños aos que se lles dá peito

Lugar de nacimiento		Casa ou centros benéficos	Hospital Residencia S. Social	Clínicas Privadas
Variábeis "marco"				
<i>Status</i> Sócio- Económico	Baixo-baixo	28,12	59,37	12,49
	Baixo-alto	9,73	62,70	27,57
	Médio-baixo	3,27	60,66	36,07
	Médio-alto	—	33,33	66,66
Lugar de Residencia	M. rural	20,00	65,00	15,00
	Bairro	6,12	63,27	30,61
	Cidade	4,44	42,22	53,33
Nivel Académico do pai	Primario	10,71	60,71	28,57
	Médio	4,35	60,87	34,78
	Superior	—	42,86	57,15
Nivel Académico da nai	Analfabeto	25,00	75,00	—
	Primário	10,51	61,87	27,62
	Médio	3,51	43,86	52,63
	Superior	—	33,33	66,67
Estadísticos xerais		9,03	58,57	32,39

Cuadro 4.— Lugar de nacimiento en tantos por cento.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da amostra.

mais tempo, pesarán despois menos, mais isto non é debido à influencia da alimentación materna senón ao feito de que a alimentación de peito é mais frecuente nos estratos en que as condicións nutricionais son máis deficientes e en que se acostuma retrasar mais o comezo da alimentación variada completa.

As nais "autónomas" ofrecen máis frecuentemente peito aos seus fillos. O carácter de asalariado dificulta este tipo de alimentación. Alén disto, as mulleres do campo, na súa maioría "autónomas", quizá obedezan a motivacións máis conservadoras e economicamente máis desventaxosas.

As mulleres que empregan mais o galego, prolongan—lles durante máis tempo aos seus fillos a alimentación de peito, o cal se explica polo feito de que a utilización do galego é mais frecuente nas camadas máis baixas da poboación.

A correlación positiva (0,49) entre a duración do amamentamento e o número de orden ocupado polo neno na série dos irmáns, indica—nos que aos primoxénitos se lles dá de mamar durante menos tempo, o cal parece mostrar que as disponibilidades de leite por parte da nai son máis baixas cando lles nace o seu primeiro fillo.

Tamén, canta maior idade teñen os pais no momento de ter o seu primeiro fillo, durante mais tempo as nais dan peito aos seus fillos. Este feito tal vez estexa relacionado cunha mellor disposición e entrega ao meniño.

Canto mais tempo se prolonga o amamentamento, máis tarde se comeza a dar—lle alimentación variada ao pequeno. E nos meios rurais onde se lle ofrece durante mais tempo peito e mais se retarda o comezar con outros tipos de alimentación.

2.07.—Duración da mantenza de biberón.

As nais que ofrecen biberón aos seus fillos fan—no durante catro meses e meio. No campo prolonga—se durante mais tempo que nos bairros e cidades e comeza—se mais tarde a alimentación variada completa.

Nos niveis sócio—económicos médios, cidade e niveis académicos primários, canto mais tempo se lle ofrece biberón ao neno, menos pesarán despois, o cal reflecte o maior retraso en ofrecer—lle alimentación variada.

Se a nai é mais nova, costuma dar—lle biberón mais tempo ao meniño. Os nenos que toman biberón máis tempo tenden a controlar máis tarde os esfínteres. Se a nai traballa, ofrece—lle antes alimentación variada ao neno.

2.08.—Comezo da alimentación con frutas.

A idade na que se comeza a alimentar con frutas ao neno situa—se arredor dos tres meses e meio. Nas clases médias comezan antes que nas baixas.

Os meniños que comezan a tomar antes frutas soen adiantar a andadura. Os que toman peito mais tempo comezan mais tarde. Se se lles retrasa o comezo da alimentación con frutas, tamén se lles retrasa a alimentación variada completa.

Nos estamentos sócio—económicos medio—altos, bairro e cidade e niveis académicos médios e superiores, o retraso na alimentación con frutas soi ir acompañada dunha maior tardanza no brote do dentar.

2.09.—Comezo da alimentación variada completa.

Referimo—nos à alimentación de peixes, carnes, verduras, etc.

Comeza—se dita alimentación a unha idade média de catro meses e meio. Nas

clases médias, fai-se antes que nas baixas, e nos bairros e cidade antes que no meio rural, e nos niveis académicos superiores antes que nos primarios.

Afora os niveis médios e urbanos, as nais autónomas comezan mais tarde. Aos primoxénitos costuma dar-se-lles antes, quizá como consecuéncia dos maiores cuidados que reciben e tamén porque cando a parella ten mais fillos, con maior frecuencia é de nivel mais baixo, e nestes niveis costuma-se retrasar o comezo da dita mantenza. As parellas que se converten en pais a unha idade mais xoven comezan antes. Se se lles ofrece peito durante mais tempo, tende-se a retrasar, e, se se retrasa, a talla posterior costuma ser menor ou, polo menos, o neno desenrola-se con mais lentitude.

2.10.—*Idade do dentar.*

Aos nenos surxen-lles os dentes, por termo médio, aos sete meses e meio sen que se achen diferenzas significativas entre os diversos meios. Se se retrasa o comezo da mantenza variada, tende tamén a retrasar-se a aparición da dentadura. O maior peso do neno ao nacer está relacionado co brote mais tardio do dentear.

2.11.—*Idade da andadura.*

Os nenos comezan a andar aos once meses e meio sen que se achen diferenzas entre os sexos e os diversos niveis sócio-económicos, residenciais ou académicos. Os nenos que mais meden ao nacer son os que andan mais tarde e, posteriormente, soen pesar mais. Canto mais tarde se lle ofrece ao pequeno mantenza variada de frutas, mais tarde comezará a deambulación.

2.12.—*Controlo diurno dos esfínteres vesicais.*

A média xeral da idade en que os nenos costumam controlar os esfínteres é de 20 meses. Os dos meios rurais, bairros e primários, controlan-se antes que os da cidade e os dos niveis médios e superiores. Os que antes adquiren este controlo adiantan-se tamén nos outros. Os que se controlan mais cedo tenden a atinxir unha maior estatura.

A maior diferenza de idade entre os pais dos niveis sócio-económicos médio-altos, da cidade e niveis académicos superiores, é un factor que tende a retrasar a adquisición do controlo dos esfínteres.

Nos niveis baixos, campo e primários, a actividade laboral da nai favorece o adianto na adquisición do controlo. Nos outros, parece dar-se o fenómeno inverso. Os fillos dos primeiros partos tenden a pospó-lo. As mulleres, controlan-se antes que os varóns.

2.13.—*Controlo diurno dos esfínteres anais.*

Este controlo adquire-se ao ano e meio. Os nados nos primeiros partos soen

adquirir mais tarde este controlo. A maior idade dos pais no momento de ter o seu primoxénito, parece ser un factor que favorece, se ben que moi lixeiramente, o controlo. Os varóns controlan—se mais que as fêmeas.

2.14.—*Controlo nocturno dos esfínteres vesicais.*

Este controlo é o que se adquire no derradeiro lugar, a unha idade moi a carón dos dous anos. Os do meio rural, bairros e primários controlan—se lixeiramente antes que os da cidade e niveis académicos médios e superiores.

Os nenos que mais pesan ao nacer, os que se xestan durante mais tempo e os que non mollan nen manchan a cama controlan—se antes. Os fillos dos primeiros partos fan—no mais tarde. A autonomía, idade dos pais ao acceder à paternidade, e actividade laboral da nai, son factores que favorecen un mais rápido controlo. Os que falan en galego tenden a adquirir mais axiña este controlo, o cal é debido a que pertencen às clases baixas que soen controlar—se antes.

As mulleres, tamén neste caso, son mais precoces que os homes quizais debido a que se lles insiste máis na hixiene corporal ou a unha máis precoce madureza fisiolóxica.

2.15.—*Controlo nocturno dos esfínteres anais.*

Este é o primeiro controlo que se adquire a carón dos 15 meses. As nais loitan por acostumar o neno a que faga as súas deposicións a outras horas do día, e se o neno fai poucas deposicións às 24 horas do día, o controlo adquire—se a unha idade relativamente baixa. Os nenos que se controlan antes, tenderán a medir mais posteriormente e a andar un pouco mais tarde, se ben que as diferenzas sexan moi baixas.

2.16.—*Peso posterior.*

Os nenos dos niveis médios pesan mais que os dos niveis baixos, e os da cidade mais que os do campo. Estes dados concordan coa simples observación superficial de que os nenos da cidade se desenvolven polo menos antes e tal vez máis que os dos meios rurais. As mellores condicións económicas e, quizá, as mellores atencións e cuidados por parte dos pais xeran un maior desenrolo dos nenos da cidade en comparación cos do campo, invertendo—se deste xeito a súa desvantaxe inicial.

Os nenos de niveis académicos médios e superiores por parte do pai, pesan significativamente mais que os dos niveis primários, o cal pode reflexar simplemente a correlación entre o nivel académico e o “status” sócio—económico ou indicar tamén os efectos duns métodos mais adecuados de crianza infantil.

O peso posterior vai acompañado dunha maior talla. Os que mais retrasan a idade da locomoción tenderán a pesar mais. Se se lles deu mantenza de peito durante mais tempo tenderán a pesar menos. Isto quizá sexa debido non à mantenza de peito

mesma, senón a que se se lles dá máis tempo, retrárase o comezo da nutrición variada completa, incidindo negativamente sobre o peso posterior.

A correlación entre o peso posterior e o controllo dos esfínteres soi ser negativa e, en diversas alternativas, significativa. Os que controlaron antes os seus esfínteres terán tendencia a pesar mais.

2.17.— *Talla posterior.*

Meden mais os fillos de pais de “status” sócio-económico medio e en comparación cos de “status” baixo, atinxindo-se o nivel de significación con respecto à diferenza coa categoría baixa-baixa.

Nos meios rurais, igual que sucedía co peso, os nenos medirán menos posteriormente, ou polo menos han de se desenrolar mais tarde. As mellores condicións de vida nas cidades e a superior renda per cápita fai que os nenos se desenroren mais cedo nos ditos meios.

Os nenos que mais meden ao nacer continuarán medindo mais posteriormente (correlación 0,40) e pesarán tamén mais (0,63). Os nenos que mais meden son tamén os que mais pesan, constituindo a talla un factor importante na determinación do peso.

Existe unha correlación negativa entre a duración da xestazón e a talla posterior. Se o neno se xesta durante mais tempo tende a medrar menos. A actividade da nai fora do lar relaciona-se positivamente, en termos xerais, coa maior estatura, o cal pode explicar-se pola maior capacidade económica das familias cuxa nai traballa.

Asin mesmo, igual que sucedía con respecto ao peso posterior, canto antes se lle ofereza ao neno alimentación variada de carnes, peixe, etc., máis estatura tende a ter o meniño posteriormente.

Resumo

Expuxemos os datos sobre o entorno familiar en que se desenrola o neno e, en especial, diversas variábeis relacionadas cos pais: a súa idade, número de irmáns, de fillos, tanto desexados como tidos, preferencias polo sexo, rexime de traballo, actividade laboral da nai, lingua falada polos pais entre eles, cos fillos e polos fillos.

Resumimos a seguir os resultados referentes a diversas variábeis sobre o neno: peso e talla no momento de nacer, duración da xestazón, lugar de nacemento, primeira manutención, duración do amamentamento, da manutención de biberón, comezo da manutención variada, idade do dentar e andar, controllo dos esfínteres e peso e talla no momento do inquérito.

Correlacionamos cada unha das variábeis referentes aos pais con todas as demais e fixemos outro tanto con respecto às que se referen aos fillos.

Pudemos comprobar que o neno medra nun campo de forzas intercorrelacionadas que condicionan o seu propio desenvolvemento psicofisiolóxico e lingüístico.

Bibliografía

- ACHENBACH, Th.M.— *Research in developmental psychology. Concepts, strategies, methods.* The Free Press, New York/London, 1978.
- BARBER, B.— *Estratificación social. Un análisis comparativo de la estructura y del proceso.* Fondo de Cultura Económica, Madrid, 1974.
- BROWNE, de.— *Atención Prenatal.* Intermédica, Buenos Aires, 1979.
- BRUNER, J., COLE, M. y LLOYD, B.— Serie “El desarrollo en el niño”:
Tomo I: *Ser madre*, por R. SCHAFFER, Morata, Madrid, 1979.
Tomo II: *¿Qué es un niño?*, por N. TUCKER, Morata, Madrid, 1979.
Tomo III: *Psicología del nacimiento*, por A. MACFARLANE, Morata, Madrid, 1979.
Tomo IV: *La primera relación: madre-hijo*, por D. STERN, Morata, Madrid, 1979.
- FREZAL, J. y otros.— *Genética*, Espaxs, Barcelona, 1974.
- GRATIOT-ALPHANDERY, H. y ZAZZO, R.— *Tratado de psicología del niño* (6 tomos), Morata, Madrid, 1978.
- McGUIGAN.— *Psicología experimental*, Trillas, México, 1976.
- MOORE, J.A.— *Herencia y desarrollo embrionario*, Limusa-Wiley, México, 1968.
- MUSSEN, CONGER y KAGAN.— *Desarrollo de la personalidad en el niño*, Trillas, México, 1976.
- NICKEL, H.— *Psicología del desarrollo de la infancia y la adolescencia*, I, Herder, Barcelona, 1976.
- PIAGET, J. e INHELDER, B.— *Psicología del niño*, Morata, Madrid, 1969.
- SCHADE, J.P. y FORD, D.H.— *Basic Neurology*, Elsevier Scientific Publishing, Amsterdam, 1977.
- THALHMMER, O.— *Psicología prenatal*, Salvat, Barcelona, 1970.